

Proposta de traballo para o Taller Creativo de 6º de EP

Trátase de elaborar un traballo do tipo dos que xa fixemos no taller no 1º e 2º trimestre pero de xeito individual. Deberá incluír imaxe e texto (a imaxe preferiblemente un debuxo ou unha imaxe propia editada co Gimp ou similar).

Este traballo subireino á web do cole e mesmo, si mo mandades dentro do prazo, será proposto para a revista do cole.

Ideas: podedes facer dende un cómic ata un cartel **relacionados co tema dos Carnosáns** (exercicio físico, xogos, alimentación, saúde, seguridade, hábitos saudables,...) pasando por un traballo escrito explicando algúns deses temas, unha investigación, un decálogo de boas prácticas sobre eses temas, en fin, no tipo de traballo tedes liberdade.

En canto ao **soporte**, a imaxe que empreguedes pode ser un debuxo (facedes unha foto e a mandades) ou unha creación a partir dunha imaxe como fixemos co gimp na aula. No tocante ao texto, se non vai coa imaxe por ser un cartel, mellor en formato informático cun editor de texto.

Envío dos traballos: os traballos, unha vez rematados, deberedes mandarmos ao correo: mdepanches@gmail.com. Canto antes os enviades, antes poderei revisalos e facervos propostas de mellora de ser o caso.

Aspectos relativos á puntuación dos traballos:

1. Orixinalidade e creatividade: Pensade en cando buscamos un eslogan para a froita na escola, unha boa frase e unha boa imaxe que sexan creadas por un quedan mellor que copiar outras. Por iso un punto irá neste apartado.
2. Adecuación á temática: tentade que sirvan para explicar ou facer ver o que entendemos por un estilo Carnosán, e dicir, que quen o vexa entenda o que é importante para levar un estilo de vida saudable como estamos a propor no tema do presente curso Carnosáns. Vai 1 punto.
3. Texto: é obrigatorio algo de texto, polo tanto tentade non por faltas de ortografía. Dado que pretendemos que sirva para a revista, deberá ir en **GALEGO**. Van dous puntos.
4. Coherencia: como tedes que por imaxe e texto, deberán estar ben relacionados. Vai un punto.
5. Imaxe: Como “unha imaxe vale máis que mil palabras”, este apartado puntúa tamén. Tentade que sexa rechamante e impactante, que quen a vexa queira ler o texto ou entenda o que lle queremos transmitir con vela. Se é un debuxo tentade que se vexa ben, e nunha imaxe retocada lembrade que non é copiar, pegar e recortar. Sede creativos. Van tres puntos.
6. Entrega en prazo: Tedes todo o mes de maio. A entrega en prazo supón un punto.
7. Temática: si tratades algo relativo ao que vos vai nas suxerencias e ese tema non o tratamos na clase, sumaredes un punto.

Moito ánimo, e non dubides e facer as preguntas necesarias para aclarar dúbidas.